

## Que medidas de prevención poden tomar?

**Non existe vacina específica nin tratamento veterinario fronte esta enfermidade.**

A única acción preventiva posible é:

- Evitar as incorporacións de animais sensibles das zonas afectadas en España e si se producen, facelo con vehículos e animais desinfectados.
- **Minimizar a exposición á picadura do mosquito** mediante insecticidas ou repelentes nas instalacións ou nos vehículos de transporte de gando.
- Nas explotacións **eliminar os lugares predilectos de cría do mosquito** (zonas con lama ou materia orgánica con humidade).

## Que facer no caso de sospeita?

No caso de sospeita da enfermidade nos animais domésticos débese comunicar de inmediato aos **servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural**, ou tamén aos axentes medioambientais no caso de sospeita en cérvidos silvestres.

Para máis información poden consultar:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animais/programas-oficiais/enfermidade-hemorragica-epizootica-ehe>



XUNTA  
DE GALICIA

# Que saber da **ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA**



XUNTA  
DE GALICIA

## QUE É A ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA?

É unha enfermidade **producida por un virus** e que afecta principalmente a cérvidos, pero tamén a bovinos e ovinos.

**Non é contaxiosa** entre animais, que **só se infectan a través da picadura de mosquitos infectados**.

**Non é unha zoonose**; as persoas non se poden infectar nin por contacto con animais infectados nin pola picadura do mosquito. Tampouco polo consumo de carne ou leite de animais infectados.

É unha enfermidade de declaración obrigatoria na Unión Europea e suxeita a certas medidas sanitarias nos movementos de animais sensibles.

## COMO SE TRANSMITE?

Transmítese exclusivamente por vectores, a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides*. Este mosquito está presente habitualmente en Galicia **entre os meses de abril a decembro** aproximadamente.

## A QUE ANIMAIS AFECTA E COMO?

É unha enfermidade grave en cérvidos silvestres (principalmente o cervo e menos o corzo ou gamo).

En animais domésticos é unha enfermidade de curso leve:

- no gando vacún pode causar febre, perda de apetito, lesións na mucosa bucal, nasal ou ocular, inflamación nos pezuños (coxeira) e que xeralmente remite en aproximadamente 2 semanas.
- o gando ovino é menos sensible, pero pódese infectar sendo pouco frecuente a aparición de síntomas,
- o gando cabrún é moi pouco sensible a esta enfermidade.

## ONDE ESTÁ ESTENDIDA?

En España foi detectada en Andalucía en novembro de 2022. En 2023 estanse a notificar animais afectados en distintos puntos da península e cunha pauta de aparición cada vez máis cara o norte.

